



## Concello de Cervantes

### CONCURSO FOTOGRÁFICO CALENDARIO MUNICIPAL 2026

O Concello de Cervantes promove o Concurso Fotográfico “Calendario Municipal 2026”, coa intención de facer participar a toda a veciñanza no calendario municipal que tradicionalmente edita. O calendario consta de 12 fotografías, ademais dunha fotografía no saúdo e outra na primeira páxina. Este concurso servirá para seleccionar as 14 fotografías do calendario municipal para o ano 2026.

#### BASES

1. O concurso é de participación aberta.
2. As fotografías teñen que realizarse no termo municipal de Cervantes. Non se admitirán imaxes tomadas fóra do territorio do Concello.
3. Nas fotografías destacará o patrimonio cultural, histórico, natural e paisaxístico do municipio. Terase en conta a representatividade da fotografía, a calidade técnica e a orixinalidade da imaxe.
4. Cada participante poderá enviar un **máximo de 3 fotografías**.
5. As fotografías terán que ser **horizontais** e en cor.
6. As fotografías terán as seguintes características: un arquivo dixital formato JPG dun **mínimo de 3 megapíxeles e resolución suficiente para impresión de calidade en tamaño A4**.
7. As fotografías deben ser enviadas como arquivo axunto dun correo electrónico ao seguinte enderezo de correo electrónico: **calendariodecervantes@gmail.com**. No asunto deberase indicar “Concurso calendario municipal 2026”.
8. As fotografías poderán ser reencadradas para a súa adaptación ao formato do calendario, onde serán publicadas no seguinte tamaño: 29,7 cm (ancho) x 21 cm (alto), tamaño A4
9. No correo electrónico no que se axunten a/as fotografía/as ten que figurar o nome e apelidos da persoa participante, dirección postal e un teléfono de contacto.
10. Os arquivos das fotografías deberán incluír o nome do autor ou a autora, para facilitar a súa identificación.
11. O **prazo de presentación** das fotografías **rematará o 15 de outubro de 2025**.
12. A participación neste concurso suporá unha declaración expresa por parte dos e das participantes de que posúen os dereitos de autor sobre as fotografías presentadas ao concurso e dispoñen, ademais, da autorización e o permiso das persoas que poidan aparecer de forma recoñecible nas imaxes, recaendo sobre eles a responsabilidade derivada do dereito á intimidade e á propia imaxe.
13. A participación neste concurso suporá unha declaración expresa por parte dos e das participantes de que, no caso de resultar elixidas as súas fotografías, cederán gratuitamente ao Concello de Cervantes os dereitos de reprodución, distribución e





## Concello de Cervantes

comunicación pública sobre elas, sen máis limitación de medios, tempo ou espazo xeográfico que as legalmente establecidas, conservando sempre e en todo caso a autoría das imaxes, feito que se acreditará e fará constar en tódalas publicacións para as que se empreguen as mesmas.

14. A participación neste concurso suporá unha declaración expresa por parte dos e das participantes de que quedan informados e autorizan o tratamento dos seus datos persoais. As persoas participantes poderán acceder, rectificar ou cancelar tales datos, así como exercer o seu dereito de oposición, nos termos establecidos na normativa en materia de protección de datos de carácter persoal, mediante correo electrónico dirixido ao mesmo enderezo ao que se remitan os traballos.
15. As fotografías gañadoras serán publicadas no calendario municipal coa indicación de cada un dos seus autores ou autoras.
16. A participación neste concurso supón a aceptación dos termos da convocatoria expostos nas bases dos mesmos. No caso de que algún dos gañadores ou gañadoras comunique que non acepta estas bases, quedará sen dereito a publicación no calendario municipal. No suposto de renuncia, pasaría á primeira persoa clasificada da “lista de reserva” e, en caso de que esta renunciase, á segunda clasificada da mesma lista, e así sucesivamente.
17. O xurado comporase de tres membros:
  - O alcalde ou a persoa na que este delegue.
  - Un empregado ou empregada municipal.
  - Un concelleiro ou concelleira do Concello ou a persoa na que este delegue.
18. O presidente ou presidenta do xurado terá voto de calidade naqueles supostos que se consideren necesarios.
19. O fallo do xurado será inapelable.
20. O xurado seleccionará 14 fotografías, podendo seleccionar ata un máximo de 3 fotografías do/a mesmo/a participante, no caso de que se xustifique por razóns de calidade. Ademais, seleccionará, por orde de puntuación, outros 6 traballos, que se integrarán na denominada “lista de reserva”.
21. O xurado terá que fallar o seu veredicto antes do 1 de decembro de 2025.
22. Os autores das fotografías seleccionadas recibirán un agasallo promocional do Concello, e serán informados do fallo vía correo electrónico. Recibirán, ademais, 5 exemplares do calendario municipal 2026 impreso. **Os agasallos deberán ser recollidos nas oficinas municipais**, para o que se acordará data cos/as gañadores/as.

O alcalde

Benigno Gómez Tadrín.

*Documento asinado de forma electrónica.*

